



En relación coa solicitude de conversión de consorcio a convenio do monte "Mormoural" integrado por 47 ha procedentes do consorcio Mormoural OR-3087, da pertenza dos veciños de Nocedo e Noveas, Concello de os Blancos (Ourense), de data 15 de setembro de 2006 conforme ao acordo da asemblea xeral ordinaria da Comunidade celebrada en data 30 de agosto de 2006, infórmolle o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

- 1º- Que, o 22 de marzo de 2000 o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común da Provincia de Ourense, tomou o acordo de clasificar como veciñal en man común o monte denominado "MORMOURAL", como pertencente aos veciños de Nocedo e Noveas no concello de Os Blancos da provincia de Ourense.
- 2º- Que, o consorcio "Mormoural" OR-3087 foi aprobado polo Patrimonio Forestal do Estado con data 21 de xullo de 1961. Posúe na actualidade unha superficie de 57 has, das cales corresponden 47 has a comunidade de veciños de Nocedo e Noveas, do concello de Os Blancos e 10 has a comunidade de veciños de Texós, do concello de Baltar.
- 3º.- Que o convenio que se propón quedaría integrado por 47 has. procedentes todas elas do consorcio OR-3087 e pertencente a Nocedo e Noveas (Concello de os Blancos).
- 4º.- Que segundo as bases do convenio polo que se pretende transformar parte do consorcio OR-3087 a Consellaría aportaría a esta modificación de contrato a súa participación no voo creado e as cantidades necesarias para cubrir os gastos a que dea lugar a súa execución. Na correspondente conta de gastos, o 50% contabilizarase en concepto de subvención sendo o restante 50%, o anticipo reintegrable o interese do 1% anual.
- 5º.- Que a duración do presente convenio asinarase por un período de 30 anos mais segundo o cuarto parágrafo da décima cláusula en calquera momento poderá cancelarse o convenio previo aboamento a Consellaría do Medio Rural do saldo pendente. A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ao titular da propiedade do chan, con exención do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.
- 6º- Que a especie a utilizar preferentemente na repoboación forestal será o P. Pinaster e P. sylvestris.
- 7º- Que segundo as contas do consorcio OR-3087 o monte Mormoural non presenta débeda.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais

San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA



Por todo isto,

PROPOÑEMOS:

1.- Que se aprrobe o convenio do monte das seguintes características

Nome: "Mormoural"

Número de elenco: 321/55268

Superficie: 47 has

Pertenza: Comunidade de veciños de Nocado e Noveas.

Termo municipal: Os Blancos

A contabilizar como subvención: 50%

A contabilizar como anticipo reintegrable: 50%

Xuros sobre o anticipo: 1%

Participación da comunidade no voo: 70%

Participación da Consellería no voo: 30%

2.- Que no sucesivo o consorcio "Mormoural" OR-3087, teña as seguintes características:

Nome: "Mormoural"

Número de elenco: OR-3087

Superficie: 10 has

Pertenza: Texós

Termo municipal: Baltar

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2007

O Director Xeral de Montes e Industrias Forestais


Alberte Blanco Casal

Excmo. Sr. Conselleiro do Medio Rural.-
Santiago de Compostela.-



21 DEC. 2007

ENTRADA Nº

SAÍDA Nº

1781

1142-C



En relación co expediente remitido pola Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais relativo a conversión de consorcio a convenio do monte "Mormoural" da pertenza da comunidade de montes en man común de Nocedo e Noveas sito no concello de Os Blancos (Ourense) e cunha superficie actual de 57 Has. exprésase como criterio desta asesoría xurídica o seguinte:

1.- Que o monte vecinal de "Mormoural" foi aprobado polo Patrimonio Forestal do estado en data 21 de xullo de 1961.

Segundo o Regulamento de Montes aprobado por Decreto de 22 de febreiro de 1962, configúrase o consorcio como un contrato entre a Administración e o propietario do solo de carácter administrativo.

2.- Que o 22 de marzo de 2000 o Xurado Provincial de MVMC da Provincia de Ourense, tomou acordo de clasificar como veciñal en man común o monte denominado "Mormoural".

3.- Con data, 3 de agosto de 2006, Don Francisco Estévez López en representación da comunidade de veciños de Nocedo e Noveas solicitan o cambio do monte "Mormoural" de consorcio a convenio.

4.- A Disposición adicional segunda da Lei 13/1989, de 10 de outubro de montes veciñais en man común, sinala que as comunidades propietarias de montes de veciños consorciadas ou con convenios coa administración, e con independencia que neles fosen parte os concellos ou Deputacións Provinciais, poderán optar por subrogarse no consorcio ou convenio preexistente, realizar un novo convenio ou resolver o existente.... As débedas dos consorcios realizados pola Administración Forestal do Estado serán condonadas polo importe a que ascendía a débeda no momento da clasificación como veciñal en man común....



En todo caso aquelas comunidades que se beneficien da condonación da débeda e queiran rescindir o consorcio ou convenio terán que presentar sempre un Plan de aproveitamentos e xestión do monte que haberá de ser aprobado pola Administración.

Igualmente o artigo 25 da Lei sinala que a Consallería de Agricultura daralle aos montes veciñais en man común carácter preferente nas súas actuacións de fomento e mellora da produción agraria... . Ademais desempeñará as seguintes funcións:

-Realizar convenios dirixidos a un mellor aproveitamento do monte con aquelas comunidades de veciños que así o soliciten.

5.- O Informe de data 12 de setembro de 2007 do Servizo de Montes e Industrias Forestais propón o seguinte:

1º.- Que se aprobe o convenio do monte coas seguintes características:

Nome: Mormoural

Nº de Elenco: 321-55268

Superficie: 47 Has.

Pertenza: Comunidade de veciños de Nocado e Noveas

Concello: Os Blancos.

A contabilizar como subvención 50 %

A contabilización como anticipo reintegrable: 50%

Interese sobre o anticipo: 1%

Participación da comunidade no voo: 70%

Participación da consellaría no voo: 30%

2º.- Que no sucesivo o consorcio "Mormoural" OR-3087 teña as seguintes características:

Nome: Mormoural



Número de Elenco: OR-3087

Superficie: 10 Has.

Pertenza: Texos

Concello : Baltar

A Dirección Xeral de Montes formula a seguinte proposta de Resolución:

1º.- Que se aprobe o convenio do monte das seguintes características:

Nome: "Mormoural"

Número de Elenco: 321/55268

Superficie: 47 Has.

Pertenza: Comunidade de veciños de Nocado e Noveas.

Termo municipal: Os Blancos

A contabilizar como subvención: 50%

A contabilizar con anticipo reintegrable: 50%

Xuros sobre o anticipo: 1%

Participación da comunidade no voo: 70%

Participación da Consellaría no voo: 30%

2º.- Que no sucesivo o consorcio "Mormoural" OR-3087, teña as seguintes características:

Nome: "Mormoural"

Pertenza. Texós

Número de elenco: OR-3087

Termo municipal: Baltar

Superficie: 10 Has.

6.- En vista de tódolos antecedentes obrantes no expediente administrativo, esta asesoría vistas as disposicións legais de aplicación, informa favorablemente a proposta de



rescisión do consorcio se ben, sería preciso xustificar axeitadamente o requisito do quorum da Asemblea Xerañ da Comunidade celebrada o día 6 de maio de 2007, sen máis, correspóndelle a rescisión ao Sr. Conselleiro

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2007

O Asesor Xurídico



Juan José Lois Barcia

Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais



Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, e logo dos informes favorables emitidos pola Asesoría Xurídica e polo xefe do servizo provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense,

RESOLVO:

1.- Aprobar o convenio do monte das seguintes características

Nome: "Mormoural"
Número de elenco: 321/55268
Superficie: 47 has
Pertenza: Comunidade de veciños de Nocedo e Noveas.
Termo municipal: Os Blancos
A contabilizar como subvención: 50%
A contabilizar como anticipo reintegrable: 50%
Xuros sobre o anticipo: 1%
Participación da comunidade no voo: 70%
Participación da Consellería no voo: 30%

2.- Que no sucesivo o consorcio "Mormoural" OR-3087, teña as seguintes características:

Nome: "Mormoural"
Número de elenco: OR-3087
Superficie: 10 has
Pertenza: Texós
Termo municipal: Baltar

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de Reposición con carácter potestativo ante o Conselleiro do Medio Rural no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente o recurso Contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, prazos que comezarán a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación, de acordo co disposto nos artigos 107, 109, 116 e 117 da Lei 4/99 de modificación da Lei 30/92, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo da xurisdicción contencioso-administrativa, ou exercer calquera outro que estime pertinente.

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2008

O CONSELLEIRO

Alfredo Suárez Canal



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Edificio Administrativo - San Lázaro - SANTIAGO DE COMPOSTELA

C O N V E N I O

N.º	321	55268
-----	-----	-------

En Santiago de Compostela, a.....de.....de dous mil.....

R E U N I D O S

Dunha banda, D. Alfredo Suárez Canal, Conselleiro do Medio Rural, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D. Francisco Estévez López como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común Mormoural (Os Blancos), segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

O abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ao abeiro do previsto na Lei 13/89, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común, e polo Real Decreto 1279/78, do 2 de maio, que aproba o Regulamento da Lei 5/1977 de fomento da produción forestal, modificado polo Decreto 69/84, de 23 de marzo da Xunta de Galicia, e sempre e cando non se contradiga a Lei 43/2003 do 21 de novembro, modificada pola Lei 10/2006, do 28 de abril

Este convenio rexerase polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.- O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do 21-07-1961 para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

~~d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento de arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (risquese, de non existir).~~

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.- Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a Comunidade de Veciños dos pobos de Nocedo e Noveas

e son os que a continuación se describen:

Denominación: Mormoural

Termo municipal: Os Blancos Provincia: Ourense

C.M.V.M.C. - 2

Límites:

N.: Fincas particulares (Benito Feijoo, Camilo Lorenzo, Claudina Santos, José Castro e outros propietarios)

S.: Termo Municipal de Baltar e M.V.M.C. de Texós (Baltar)

L.: Fincas particulares (José Moure, José Parada, José López e outros propietarios)

O.: Fincas particulares (Isidro López, Emilio Cantarilla, Benito Cuquejo e outros propietarios)

Superficie: 47 ha

Estado forestal: P. pinaster e P. sylvestris, de distintas idades e mato

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan:

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula:

Sen vexetación arbórea: Servidumes: As usuais de paso

3ª.- O chan continuará pertencendo a á comunidade de veciños de Nocedo e Noveas

que achega ó convenio:

- a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- b) Os terreos descritos na cláusula segunda.
- c) ~~O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).~~

4ª.- A Consellería do Medio Rural aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o 50 por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante 50 por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do 1 por cento anual.

5ª.- Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acreedor resultante de actualizar as contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferenza entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería do Medio Rural, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: OR - 3087 (47 ha)

6ª.- As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería do Medio Rural .

7ª.- Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o 30 por cento será para a Consellería do Medio Rural , e o 70 por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería do Medio Rural recibirá o por cento, e a comunidade propietaria, o por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería do Medio Rural excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregárase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.- En caso de incendio, a Consellería do Medio Rural procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuindo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.- o presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería do Medio Rural , figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería do Medio Rural asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscribible no Rexistro da Propiedade.

10ª.- A duración deste convenio será por un período de 30 anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería do Medio Rural , coa súa participación en beneficios que se asigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que sustentase á plena posesión do seu titular. do Medio Rural

En caso contrario, prorrogárase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería do Medio Rural se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerárase este tácitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería do Medio Rural do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.- Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería do Medio Rural , se esta o precisar.

12ª.- A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será P. pinaster e P. sylvestris como especies principais

13ª.- O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería do Medio Rural interpretará e resolverá todas as cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don Luís Miquel Segovia García, encargado
da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.—Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade
propietaria do monte veciñal en man común Mornoural (Os Blancos)

2.—Que, así mesmo, figura Don Francisco Estévez López, e
Don Estrella Folgoso Palomanes, como presidente e secretario,
respectivamente, da xunta rectora, deica 03 - 06 - 2009

E para que conste, expido a presente certificación Ourense
a 12 de Setembro de 2007.


Don Estrella Folgoso Palomanes, Secretario
de comunidade de veciños de Mornoural

CERTIFICO: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta
comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o
día 30 - 08 - 2006 estando designado
Don Francisco Estévez López
representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en Mornoural
- OS BLANCOS.
a 17 de SEPTIEMBRE de 2007 mil 7

Visto e prace,

O presidente



Asdo.: Francisco Estévez López


O SECRETARIO,



Asdo.: Estrella Folgoso Palomanes

Don Alberte Blanco Casal, Director
Xeral de Montes e Industrias Forestais da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, dá a súa con-
formidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.

Pola propiedade,



Asdo.: Francisco Estévez López

Pola Consellería do Medio Rural

